

**MODIFICACION DA CONCRECION  
CURRICULAR.  
CURSO 2021/2022**

t

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

**CENTRO: CPR PLURILINGÜE ALBORADA  
DATA: 07/04/2022**

## ÍNDICE

1. **Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
2. **Criterios do outorgamento de matrículas de honra ESO**
3. **Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
4. **Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

<b>1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado</b>	
<b>1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes</b>	Segundo o artigo 51 da orde do 8 de setembro de 2021 para superar as materias pendentes o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo de cada materia. Estes criterios quedan especificados na adaptación da programación de cada materia.
<b>1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa</b>	Os criterios de promoción na ESO son superar todas as materias ou ámbitos cursados, ou ter avaliación negativa nunha ou dúas materias (artigo 8). Ademais, no caso de ter máis de dúas suspensas, a norma establece catro criterios que se teñen que dar simultaneamente: 1) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. 2) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. 3) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación. 4) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
<b>1.3. Criterios de Titulación</b>	Os criterios de titulación na ESO son superar todas as materias ou ámbitos cursados, ou que se cumpran simultaneamente as seguintes tres condicións (artigo 10): 1) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. 2) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas. 3) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

<b>2. Criterios do outorgamento de matrículas de honra ESO</b>	
<b>2.1. Criterios xerais</b>	Os criterios para a adxudicación de matrículas de honra e os criterios que se seguirán en caso de empate son os seguintes:

	<ul style="list-style-type: none"> <li>● optará á matrícula de honra o alumnado cunha nota media igual ou superior a 9 no cuarto curso. Dita mención poderá concederse a 1 alumno/a.</li> <li>● en caso de empate teranse en conta os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> <li>- alumnado con maior número de materias con 10 en 4º ESO.</li> <li>- alumnado con maior número de materias con 9 en 4º ESO.</li> <li>- alumnado con maior número de materias con 8 en 4º ESO.</li> <li>- alumnado coa nota media máis alta na etapa de Secundaria.</li> <li>- alumnado coa nota media máis alta en 3º ESO.</li> <li>- alumnado coa nota media máis alta en 2º ESO.</li> <li>- alumnado coa nota media máis alta en 1º ESO.</li> </ul> </li> </ul>
--	---

<b>3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022</b>	
<b>3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.</b>	<p>En cada sesión de avaliación farase o seguimento dos plans de reforzo realizando os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final ordinaria o profesorado da materia decidirá sobre a súa avaliación.</p>
<b>3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3º avaliación e avaliación final na ESO.</b>	<p>O profesorado traballará con todo o alumnado do grupo e organizará actividades atendendo aos distintos niveis de logro acadados polo alumnado (recuperación ou ampliación de contidos reflectidos na adaptación da programación didáctica de cada materia).</p> <p>Sempre que sexa posible farase uso de profesorado de apoio para a organización do traballo.</p>
<b>3.3. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.</b>	<p>Cada profesor(a) realizará un informe de avaliación individualizado onde incluírá os</p>

seguintes apartados: criterios de avaliación, obxectivos e competencias nos que o alumnado non acadou o nivel de desempeño necesario.

**3.4. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)**

O profesorado utilizará o modelo proporcionado pola Inspección Educativa para a modificación das programacións didácticas.

#### **4. Aprobación e publicidade**

4.1.	<b>Aprobación</b>	O claustro aprobará a citada modificación na reunión xeral de profesorado correspondente ao terceiro trimestre.
4.2.	<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Data publicidade na páxina web do centro: 29 de abril de 2022</li><li>• Datas información ás familias/alumnado a través de Abalar móbil: 29 de abril de 2022</li></ul>